

7 CONTOS CAPITAIS

(Historias Para Pícaros Adultos)

Autor

Marcelino de Santiago Viqueira (Kukas)

2008

Centro Traumático Galego Gaiteiro de Monicreques:

Presentador

Deus

Demo

Cardeal

Sra. Marquesa

Pobre

Negríño caiuco

Crego

Trosma 1

Trosma 2

Trosma 3

Garda civil

Moza

Doutor

Enfermeira

Milicreque

Dona

Politicreque

Chouchiño

Obreiro 1

Obreiro 2

Obreira 3

Preguiceiro

Can de palleiro

Coello asasino

- O **Centro Traumático Galego Gaitero de Monicreques** vai representar varias historias baseadas nos sete pecados capitais.
- O **presentador** representa ó home, ten a mesma cara que o **deus** e o **demo**, pero é mais grande e ten unha enorme pirola (en realidade e como membros da cía. teatral son irmáns trillizos)
- Hai un personaxe, o **preguiceiro**, que estará case sempre en escena, nalgunha beira sentado nunha poltrona e sen facer nada. De vez en cando soara un espertador, pero el seguirá durmindo, só cambiara de postura.
- O **crego** é un personaxe comodín que servirá de transición entre as historias xunto co presentador.
- Hai 2 coro, o de **trosmas** (son como os frades portugueses, pero son 1 frade, 1 hari-krishna e 1 musulmán) e o dos **obreiros**.

SOBERBIA

Música 1

Música 2

Entra o presentador (Borja e Raquel) pola esquerda, vai cara o centro do proscenio. Acicalase e saúda. Mira e ve que non ten atril. Fai un xesto e un manipulador (Kukas) coloca o atril na esquerda do proscenio.

Niso achegase ó atril, pero non chega, obsérvao e trepa por el, esvara. Logo tenta trepar por diante, tamén cae. Vai cara o centro pesaroso e coa cabeza gacha, mira de esguello un par de veces.

Pensa e ten unha idea...estira as pernas e case chega ó atril pero aínda lle falta un cacho. Recompón a postura, baixase disimuladamente e volve a achegarse ó atril. Volve a estirarse, pero esta vez os pantalón quedan baixos e queda espido colgándolle unha enorme polla. O presentador dáse conta de que está cos pantalóns baixos, xirase e mirando de esguello ó público disimula mentres a manipuladora súbelle os pantalóns disimuladamente. Niso ve un caixón, empúrroo ata ó atril e sóbese a el.

Presentador.- Miñas donas, meus señores,

Estou hoxe aquí, e agora, para contar unha andrómena de onte, de hoxe, de mañá e pasado mañá:

“Os Sete Contos Capitais, baseados dun xeito libre nos xa clásicos 7 Pecados Capitais do autor Anónimo de Santiago.

Como poderedes comprobar dificilmente atoparedes un conta contos máis fachendoso e intelixente, paveiro e interesante que o aquí presente.

Aparece Deus tombado na rampla dereita coa cabeza apoiada na peana

Con auténtica sabedoría afronto a presentación do primeiro conto que ten como protagonista estelar á soberbia...Aínda lembro o día en que tódolos ouvintes ficaron pasmados cando contei a lenda dos namorados...

Deus.- ¡Pasmados!, dirás adurmiñados...

Presentador.- ¿Por qué non te vas coa leria a outra parte?

Deus erguéndose e dando un salto ó centro.

Deus.- ¡¿Cómo te atreves a falarlle dese xeito ao teu creador...?!

Presentador.- ¿O meu creador?

Deus subindo pola rampla esquerda.

Deus.- Si, e deus creou ao home a súa imaxe e semellanza.

Presentador.- Mais ben, diría eu que foi o home quen creou a deus a imaxe e semellanza dos seus medos e das súas impotencias...

Deus enriba da peana esquerda

Deus.- ¡Serás soberbio! ¿e resulta que tamén creastes ao demo? ¿non si? ¡boludo!

Aparece o Demo enriba da peana dereita.

Demo.- Envexa, o que me tedes é envexa, pois eu son o mais fachendoso e o mais querido pola raza humana...Son guapo, ben parecido... teño bos modais, boas mañas... vamos que son un ser ben aquelado...

Deus achegase ó demo

Deus.- ¿Ti non te miras o espello, non si castrón ?

O demo achegase á Deus e quedan os dous na parte central.

Demo.- Volve a insultarme e xa veras como da primeira couce que che meto, guíndote no inferno.

Deus.- ¿Pensas que te podes atrever co dono e señor da creación?

Presentador.- ¡Calade xa!

O demo da un chouto e cae na peana esquerda

Demo.- Mira ser humano, ¿ por que non fas de arbitro? ... ¿a que son eu mais omnipotente e prepotente que ese aprendiz de bruxo?

Presentador.- Pero se ti non deixas de ser outra invención mais do home, el creoute como argumento da súa moralidade...

Demo.- Xa me cansei... se non deixades de metervos comigo marcho.

O demo da outro chouto e vai cara a rampla dereita.

Presentador.- Non podes facer iso.

Demo.- Pois eu ou ese *(xirando a cabeza)*

O presentador achegase a mesa

Presentador.- Se facedes mutis polo foro dígollo a papá,

O presentador da un salto e volve a colocarse enriba do caixón.

como primeiro actor da compañía son eu quen manda aquí.

Deus.- Oe, por ser ti o máis grande non tes dereito a dar ordes, eu son tan grande coma vos e incluso, mais...eu son un deus...

Presentador.- Iso pensas ti, eu son mais alto, teño a voz máis engolada, e estou moito máis armado... non coma ti que asemellas un chifro esgallado... E aínda por riba, non sei de onde carallo che ven esa teima de falar con acento arxentino.

Deus.- Serás ignorante, nunca oíches falar da creación do personaxe, do “ eu afectado”, do método Estanislanski...

Demo.- E como sempre eu son un cero á esquerda, todos pasades de min ¿non si ? . Porque eu sexa o máis pequeno dos trillizos non sodes os meus donos... si non me deixades actuar dígollo a mamá...¡Mamaa!

Presentador.- Abonda xa, veña todos ós seus postos que a función vai comezar...

Vanse o Deus e o Demo dando un chouto polo centro.

Presentador.- Miñas donas e meus señores hoxe estou aquí para presentarlles Os sete contos capitais, que serán representados polo Centro Traumático Galego Gaiteiro de Monicreques.

O Demo asoma a cabeza polo centro.

Demo.- O Deus estase a mofar de min

Presentador.- Se non me deixades comezar despídivos os dous...

Marchan definitivamente

Presentador.- Miñas donas, meus señores

_____ GULA

Música 3

O cartel (Kukas e Raquel)

A mesa (Mario)

A Fita de inauguración (Kukas e Raquel)

As cadeiras (Mario)

Entran a Sra. Marquesa e mailo Cardeal portando pancartas.

Marquesa.- ¡Ai, con tanta manifestación teño os pes molidos!

A Marquesa e o Cardeal baixan pola rampla e ó mesmo tempo o presentador vaise achegando á mesa.

Presentador.- A comitiva achegase a fita que hai diante da mesa que está chea de manxares e dun xeito caritativo, con esa humildade que o caracteriza, o Sr. Bocati de Cardinali, primo do primado de Spain vai dirixir unhas palabras á concorrencia...

A Marquesa vaise para detrás da mesa e o cardeal sóbese a rampla dereita.

Cardeal.- A abstinencia é a mais grandes da virtudes, si a xente se acostuma a xantar tódolos días deseguido veñen os vicios maiores: a concupiscencia, a preguiza, a luxuria, etcétera, etcétera, etcétera.... hai que mortificar o corpo un pouquiño... senón a onde iríamos a parar.

A Marquesa busca pola rampla esquerda e sube ata a peana esquerda.

Marquesa.- ¿E onde vai o pobre pobrísimo? Non podemos comezar a cerimonia sen ningún pobre, ¡que desastre de organización!. ¿Quen foi o gandulo que organizou este desastre de evento?

Cardeal.- Fun eu

A Marquesa baixa pola rampla ata chegar o extremo da mesa.

Marquesa.- Ai, perdoe eminencia, non si xa dicía eu que os pobres de este país son un desastre, uns preguiceiros...é que non se

moven nin para asistir a inauguración deste comedor que
construímos para eles...

Aparece o pobre por diante do pau do cartel.

Pobre.- Demi algo, demi algo

Marquesa.- Veña home, achéguese, e poña un pouco mais de
entusiasmo...

Pobre.- Demi algo, señora, demi algo

Marquesa.- Xa, Xa, agora cale, despois mo conta

Dirixíndose ó Cardeal

E agora, si, xa podemos comezar a cerimonia...

Música 4

*Soa unha fanfarra, e con moito boato a Marquesa achegase a unha banda de fita
que corta en dúas fases, dando un brinco. (Kukas e Mario suxeitan os soportes da
banda)*

E con este centolo queda inaugurado este comedeiro,
digo comedor.

O pobre achegase á mesa principal.

Pobre.- ¡Ai, que rica a mariscada!

Pero o cardeal da un brinco e non lle deixa sentarse á mesa principal.

Cardeal.- Non, aí non, ¡non ve que todo é colesterol e ácido lúdico!...

O cardeal dálle un empurrón ou patada ao pobre e mándao para o caixón da Esquerda. Nese mesmo instante Borja coloca a mesa co pan e chourizo e a cadeira Encarnada.

Vai estar máis cómodo e folgado alí, nesa mesa xeitosiña...

Marquesa.- Se é que dan peniña, mire que pobres mais ruíns temos no noso país, nin clase teñen. Cando estiven en Niu York, alí os pobres eran outra cousa, tiñan unha categoría, un saber estar... ¡E que ata sabían inglés!...

Música 5

O pobre por mais que o intenta non é capaz de comer a comida que esta no prato.

Pobre.- Uf, a isto non hai quen lle meta o dente...

Cardeal.- Sempre queixándose, Deus dálle dentes a que non ten pan...

Música 6

Os dous camándulas sentan nunha grande mesa chea de manxares comezan a xantar, a marquesa colle unha centola, logo unha pata, o cardeal colle a centola, mentres a marquesa abre a mantilla, a marquesa arrebatalle a centola ó cardeal e ponse a comela enriba da mesa. O cardeal colle o pernil e apoiase no extremo esquerdo da mesa. O Cardeal colle o oso e tírao ó seu can que aparece pola esquerda. Ós 15" mais ou menos sae o presentador por debaixo da mesa no lado dereito e vai narrando o que pasa arriba.

Presentador.- A Sra. Marquesa apaña unha centola, acaríña... logo arríncalle unha pata, chucha nela... o Cardeal aproveitando un despiste da marquesa apreixa con xeito a centola...

Pero, que o que vexo, a señora marquesa, faille un quebro e rapínalle o becho...

Aquí o que non corre voa, o cardeal aproveitando a liorta fíncalle o dente a un pernil de cabra cabreada, e de dúas chantadas deixa o oso mais limpo que a cabeza dun calvo....

O Cardeal arrouta... e tira o oso ao seu can ... o can achegase ledamente movendo a cola...

Aparece o can pola esquerda (1º Kukas e logo pásao a Mario. O oso queda apoiado na peana

Can.- Guau, guau

O pobre salta e senta na peana esquerda e ponse a comer o oso.

Presentador.- O pobre, famélico lanzase sobre o oso... roe nel e limpa as poucas febras que aínda lle quedan...

O can queixase o seu dono...

Can.- Guau, guau

Presentador.- O Cardeal vai cara ó probe e bate nel...

Cardeal.- Como son o Papa de Roma,
para que te lembres de min, toma.

O cardeal movese de arriba a abaixo como un boxeador, mentres o pobre a cámara lenta fai como se recibira as tortas.

Presentador.- A concorrencia divírtese coa faena...

A marquesa está enriba da cadeira.

Todos.- Ole, Ole e ole.

No terceiro olé o cardeal dálle unha patada ó pobre e bótao fora.

Presentador.- O can pide as dúas orellas,

Can.- Guau, guau

Presentador.- E dende á presidencia da mesa a Sra. Marquesa concédellas, e non lle da o rabo por discreción e decencia...

Marquesa.- Anda, pero ¿agora que facemos co comedor para pobres pobrísimos, se o único pobre que tiñamos xa non vale para nada,?

Marchan os dous.

Música 7

Dende lonxe vai chegando un “caiuco” que trae un negriño, atravesa a escena en primeiro termo.

Cando chega a beira esquerda do proscenio o caiuco fica alí movéndose e a marquesa vai cara a rampla dereita e o cardeal á rampla esquerda.

Marquesa.- Velaí ven un caiuco...

Cardeal.- Me cago en diola, a ese trosma escarállao eu nun santiamén.

A marquesa vai cara á mesa.

Marquesa.- Déixeo, meu. Estamos de sorte, mira que feitiño é, estou convencida que vai quedar máis curriño na mesa que o pobre pobrísimo.

O pobre vai cara atrás e colocase enriba da cadeira encarnada. Borja recolle o caiuco.

Cardeal.- Ten razón, é tan realista que ata da peniña mirar para el.

Marquesa.- É que neses países son moi pouco mirados coa estética, e por riba comen tan pouco, que do fracos que están dan grima.

Cardeal.- Claro, están tan débiluchos que non poden nin coas escopetas e logo temos que mandar en misión de paz aos nosos militronchos a facer a guerra por vez deles... Si é que non hai dereito....Toda a culpa a ten a educación para a aldeanía.

Negriño.- Agüaina, vaina, banana...

Xanta, manxar, morcilla...

Eu comer pita, pito, polo, galo, galo, galo francés...

Borja ponlle un polo asado na mesa e o negriño senta nela.

Marquesa.- Ei, eminencia, mire que bonitiño é. Fágalle unha foto.

Flash

Cardeal.- É igualiño que as cabeciñas do domund...

A marquesa saltando dunha cadeira a outra

Marquesa.- ¡Quen raios falou do neghro, eu referíame ao polo!

Cardeal.- Moi estético, si señor, a verdade é que parece de verdade.

Marquesa.- Hai que ver as imitacións de cartón pedra que fan estes titiriteiros.

Miran para os titiriteiros

Música 8

Entran unha pelota grande pola dereita

Marquesa.- Fuxide castos amigos que hai ven a Luxuria

Todos foxen coas súas cadeiras e o negriño leva tamén a mesa co polo.

A pelota choca cos barrotes do cartel que sae de escena (Kukas e Raquel, logo choca coa mesa que sae fora (Mario).

Entra o crego detrás da pelota quere collela e tropeza e cae na rampla esquerda, a pelota fuxe. Niso entra o Presentador enriba da mesa polo centro dereita.

LUXURIA

Presentador.- ¡Quedos todos!. Xa está ben.

Aínda non rematamos mais que un só conto e xa queredes acabar a obra...¡Veña cada un ao seu currunchol

¡Menuda tropa do carallo! ¡Isto non é unha compañía profesional nin farrapos de gaitas!

O Presentador marcha dando un brinco cara abaixo e levando os pes por arriba.

Música 9

Entra 1º a Pelota e logo o crego, o crego quere coller a pelota e mira para ela e saltan dúas veces e na terceira cae o crego e a pelota salta para o outro lado e disimula e comeza a falar.

Crego.- ¡Aaai, a luxuria, meus señores e miñas donas, ai, a luxuria, a cucaspiscencia... Si, ese desenfreo co que todos soñamos deixándonos levar polos mais baixos instintos animais... E como nos gusta deixarnos ir, así como quen non quere a cousa...

Tirase sobre a pelota

Ai que gustirínin, so de pensalo póñome dun...(ornea)

Saen os trosmas no caixón da esquerda, mentres a pelota escapa pola dereita. Os trosmas despois de cantar desaparecen.

Trosmas.- ¡Ai, chinguili, chinguili, chinguili!
¡Ai, chinguili, chinguili, cha!

Música 10

Aparece un cartel polo fondo centro esquerda cunha figura espida, o crego tenta foder ao cartel. Volven a saír os trosmas.

Trosmas.- ¡Ai, chinguili, chinguili, chinguili!
 ¡Ai, chinguili, chinguili, cha!

Logo entra o can pola esquerda , e o crego vai tras del, pero o can dáse de conta que cando fica quedo o crego tamén...Xogo entre os dous de acurtar distancias con intencións libidinosas.O crego tenta cheirallo.

Cando xa parece que vai a tirarse ao can este escapa pola esquerda. O crego queda na rampla esquerda. Os trosmas marchan.

Trosmas.- ¡Ai, chinguili, chinguili, chinguili!
 ¡Ai, chinguili, chinguili, cha!

Música 11

Entra unha moto sube e baixa pola rampla dereita e logo fica parada no centro. O Crego que estaba mirando por onde marchou o can ve a moto e achegase a ela, míraa por diante, polo centro e por atrás. De cada vez a moto pode moverse un pouco.

O crego sube andando para atrás pola rampla esquerda e colle carreiriña para lanzarse sobre a moto. Niso entra un garda civil de súpeto e queda na rampla dereita.

Garda.- ¿De quen é esta moto?

Crego.- Miña non é, eu nin a toquei...

Garda.- Xa, xa. Deixémonos de lérias e a chuchar

Crego.- ¡Cómo! si eu son crego....casto, puro e practico o
 celibato

Garda.- Síntoo moito, pero eu só cumpro ordes, digo que a chuchar no aparello de soprar e os alcohois atopar.

O garda civil saca o alcoholímetro e o crego sopra coa nariz.

Garda.- Ves como non ma podedes dar, ¡carallo!, pasácheste unha chea de graos... ¿que vou facer contigo?.

Crego.- Pero si a moto non é miña,

Garda.- Xa, xa... por mentir a autoridade tres mil cincocentos “leuros”... Por conducir bébedo seis mil

Crego.- Pero si xa lle dixen que a moto non é miña

Garda.- Non insistas que é peor, por obstrución á xustiza cincocentos, por exceso de velocidade catro mil.

Crego.- ¿Cómo? Pero, si a moto estaba parada...

Garda.- E porque me peta e me da a gana, e porque es un indecente outros vinte mil.

Crego.- Son inocente.

Garda.- Iso o decides todos, pero eu fágoo polo voso ben, para outra xa andaras con mais coidado...alá castigado nesa beira.

*O crego salta para o caixón esquerdo e queda de perfil mirando para fora da escena.
O garda chama polo mancontro.*

Garda.- Aquí o número cero, cero, punto, cero. Chamando a comandancia, ¿me escoita mi sargunto?

Ruído de interferencias. Vai subindo pola rampla dereita buscando cobertura.

Si mi sargunto, misión cumprida, con dous pardiolas como este máis a moto xa será nosa...

Ruído de interferencias. Subido na peana dereita.

De acordo mi sargunto... non se preocupe que con tres mais poderá levar a súa muller ó fin do mundo de vacacións... a súas ordes mi sargunto corto e fora...

O garda civil sube na moto e vaise dicindo

Imos aló pichurriña queridiña...

Música 12

A moto vai para adiante e para atrás e sae disparada pola rampla esquerda, voa polo fondo e escoitase un golpe e aparece a moto dando un chouto coas rodas para arriba.

O crego xirase e comeza a falar de fronte ó público

Crego.- A luxuria, meus señores e miñas donas, ai, a luxuria, a concupiscencia... ¡Arre demo isto sóame de algo! (*aparte*)

Música 13

Entra a moza (Mario e Borja), cachonda, despampanante, sensual, esaxerada flutuando polo ar e movese na beira dereita da escena.

...Si, ese desenfreo co que todos soñamos
deixádonos levar polos mais baixos instintos animais...

De aí a moza vai cara ó centro esquerda diante. O crego lánzase por detrás para ir a tocarlle as tetas.

Ai que gustiriniño, so de pensalo póñoome dun...

Entra Deus de súpeto na peana esquerda.

Deus.- ¡Detente pecador!...

O crego da un chouto e vai á rampla esquerda, ó mesmo tempo a moza dun brinco queda na beira esquerda da escena.

Vos tes un problema, “cando a de abaixo se tensa a de arriba non pensa”. Sicoanalísate che, sicoanalísate...

O crego achégase ó centro esquerda.

Crego.- Oh, meu deus, un é unha persoa humana, e xa se sabe
“a carne é débil”

Deus baixa pola rampla e o crego recúa para atrás.

Deus.- A castidade, o sacrificio, a mortificación, a, a, a....

Fixándose na moza canta e vai cara o centro.

Aaaaaahhhhhh, mira que ere linda
que cachonda ere,
non hai nada no mundo

que se poda comparar
a ese corpo tan serran

No centro da mesa e estirando o corpo por fora dela.

!Ai, aquí te pillo...Aquí te mato!

O crego vai para adiante e o deus recúa.

Crego.- Ai, meu deus,
Mortificación, celibato, castidade...
Ai meu deus, meu deus...

O deus vai para adiante e o crego recúa.

Deus.- ¡Coito ergo sum!.

O crego vai para adiante e o deus recúa.

Crego.- ¡Imperatum falum!

O deus vai para adiante e o crego recúa.

Deus.- iso, ¡manda carallo!

O crego vai para adiante e o deus recúa.

Crego.- Iso é o que cres ti

O deus vai para adiante e o crego recúa.

Deus.- Eu son o creador de tódalas cousas e dela tamén.

O crego vai para adiante e o deus recúa.

Crego.- Pois fai un clónico de látex

O deus vai para adiante e o crego recúa.

Deus.- ¡Herexe! Sicoanalísate che, sicoanalísate, pelotudo

Mentres o crego e deus soben e baixan pola rampla dereita o Presentador aparece enriba do caixón esquerdo e apoiase na mesa e fala mentres mira para eles.

Presentador.- Como podemos comprobar, as veces, case sempre, un pecado sumase a outro e logo a outro facendo que unha frangulla se converta nunha regueifa de sete quilos e medio.

O crego vai para adiante e o deus recúa.

O deus vai para adiante e o crego recúa.

O crego vai para adiante e o deus recúa.

O deus vai para adiante e o crego recúa.

O crego vai para adiante e o deus recúa e saen de escena pola dereita.

O presentadorponse de pe e fala mirando o público.

¿E por que acontece iso ? preguntaranse vostedes, pois moi sinxelo, porque como seres humanos que somos o noso egoísmo, a nosa idiosincrasia, as nosas pallas metafísicas e as nosas cagarrías mentais fan dos nosos miolos un caldo de cultivo das mais baixas e ruíns vilezas humanas, non obstante de cando en vez aínda que nos deixemos levar polas circunstancias non pasa ren... iso

quere dicir que un pecaño de cando en vez senta moi ben,
digo eu...

Entra a marquesa e lanzase cara ó presentador

Marquesa.- Meu, Meu...

O presentador xirase e apartase dela.

Presentador.- ¡Queda, señora! Mire que é gulosa, ¡que este
chourizo non se come!

Marquesa.- ¡Quen dixo gula! Isto é pura luxuria, xa di o refrán: si
deixas a luxuria un mes, ela che deixa tres...

A marquesa vaise polo fondo esquerdo.

*O presentador xira a cabeza e queda mirando por onde marchou e non ve entrar as
pelotas.*

Música 14

Entran 2 pelotas no centro da mesa, aparece o crego entre elas dende abaixo.

_____ ENVEXA

O presentador ve as pelotas e achegase á mesa e con envexa di.

Presentador.- ¡Que pelotas tan grandes! Xa me gustaría a min te - las
tan grandes.

Crego.- Xa di o refrán: se a envexa fose tiña, cantos tiñosos
 habería.

*O crego da un golpe nas pelotas e dan un chouto lentamente e ó mesmo tempo as 2
pelotas e o crego, mentres este di.*

Crego.- ¡Auuuuu!

*O presentador arrastrase pola mesa querendo coller as pelotas, mentres o crego
escapa agarrado a elas.*

Presentador.- Non é envexa, só quero o que é teu

Crego.- meu

Presentador.- para que sexa meu,

Crego.- meu

Presentador.- porque cando o que é teu

Crego.- meu

Presentador.- sexa meu,

Crego.- meu

Presentador.- xa non será teu

Crego.- meu

Presentador.- e xa non o quererei eu porque entón desexarei o que é teu....

Crego.- meu

Vanse polo fondo dereito.

Música 15

Entra a moza na beira esquerda do proscenio e ó mesmo tempo aparece enriba da peana dereita o televisor.

Saen 1º perfil de cara 2º silueta de tetas 3º silueta de cachas

Moza.- Cunha nariz como esa a moda de hoxe estaría...
E coa espeteira daquela a min ninguén me tusía...
Ai, ai, ai e con ese cu redondo e lirondo ía a ser a máis cool...culona...
Axiña me quero operar para raíña do *glamur* chegar....

Asoma a enfermeira pola televisión

Enfermeira.- Que paze a zeguinte

Moza.- Esa son eu...

A moza senta no caixón da esquerda

Enfermeira.- Agarde un cacho que agora a atende o zeño doutor Zylevinzky

Vaise a enfermeira e entra o doutor pola esquerda

Doutor.- Imos ver, imos trocar...

Moza.- Non, eu so quero que me mire un pequeno teto que me saíu aquí...

Sinala o centro das pernas. O doutor achegase a beira esquerda da mesa e inclinado mira para á moza.

Doutor.- Imos ver, imos mirar...

Niso aparece un coello enriba da peana esquerda. O doutor mira asombrado para o coello e logo para o público.

pero, que é o que vexo....é un...conexo

A moza da un brinco eponse de pé.

Música 16

Cando soa a música o coello escapa dun brinco cara á dereita. O doutor persígueo para atrapalo, niso o coello asoma pola televisión abrindo a boca e ruxindo.

Coello.- ¡Ruaaaaag!

O doutor escapa para á esquerda, o coello persígueo e mórdelle nunha perna, e dunha patada lánzao para á dereita. Niso entra a enfermeira o coello lánzase a morderlle un brazo, pega un berro e lánzao o coello que choca coa televisión e cae morto. A enfermeira cólleo con coidado e pásallo ó doutor que amósao á moza e logo lánzao para atrás.

Doutor.- ¿Era isto o que lle incomodaba?

Moza.- ¿Que é esa porcallada?

Doutor.- Un coello

Moza.- ¿un coello? ¿E como iría parar aí?

Doutor.- Alguén llo puxo para manter a espeteira ergueita...

Moza.- ¿Cómo?

Doutor.- Chapuzas. Mire señorita isto é unha clínica de remendar remendarei, si non quere facer algún apaño na súa estrutura corporal, mellor é que marche que o tempo é ouro.

Moza.- Xa que estou aquí,...quero ser outra, quero ser...quero ser... coma vostede...

O doutor a observa e mirando cara ó público di de cada vez.

Doutor.- Moito de todo e pouco de nada... de cachas ben, beizos escasos, tetas cativas, nada por aquí, si lle poñemos un chisco por aí... xa está so queda unha solución:

¡O quirófano!

Kukas e Raquel colocan o quirófano no centro da mesa.

Moza.- ¿O bisturí?

Doutor.- Pois si.

O doutor canta mentres se pasea por riba do quirófano e por atrás, mentres pola dereita saen Raquel e Kukas como enfermeiros. Entre Mario (por dentro), Raquel (pes) e Kukas (cachola) colocan a moza na mesa de operacións.

Doutor.- A operar, operar, e a cortar
A silicona é un primor,
A cortar, a cortar e a modelar...
Como me gusta meter e sacar vísceras, gordura,
quistes...
e por apósitos, sondas, drenaxes e vendaxes,
Que viva, que viva a silicona...

Coloca Mario a saba enriba da moza. O doutor ponse enriba da moza e dille.

Señorita, ¿que desexa cambiar do seu corpo?

Moza.- O nariz que teño o tabique desviado e non me podo rir.
¡Jo, jo, jo!

Sae na televisión un nariz, sempre é o mesmo que entra e sae. O doutor senta enriba dela

Doutor.- ¿Respigón?. ¿Así?

Moza.- Ese non me gusta...

Doutor.- ¿Así?

Moza.- hummmm!

Doutor.- ¿Así? ¿Así?

Moza.- Así, si, ese me gustavou ter cara de princesa... e, doutor, aproveitando a ocasión, gustaríame aumentar un chisco mais as tetas

Doutor.- ¿Canto me das si che aumento as tetas?

Moza.- Dúas pesetas, dúas pesetas

Doutor.- ¿Canto me das se chas volvo a aumentar?

Moza.- Dúas pesetas e mais dous reais

Doutor.- Srta. Anastasia

Aparece a enfermeira pola rampla esquerda. A enfermeira dálle cunha maza na cabeza e ó mesmo tempo a moza move unha perna (kukas).

Enfermeira.- Aneztezia

Logo a enfermeira mira para ela e di.

Enfermeira.- Ezta xa nin chía, zeño doutor

O doutor desaparece por detrás da moza.

Doutor.- Trun trun, late, late o corazón
Trun trun...

O doutor aparece por debaixo do quirófano no centro. A enfermeira pola rampla esquerda.

¡ Serrucho....!

Enfermeira.- Zerrucho, zi, zeño doutó

O doutor aparece polos pes da moza. A enfermeira por enriba da moza no centro.

Doutor.- Berbequí....

Enfermeira.- Birbiriqi, zi, zeño doutó

O doutor aparece por debaixo da cabeza da moza. A enfermeira pola rampla dereita.

Doutor.- Xiringa....

Enfermeira.- Chiringa, zi, zeño doutó

O doutor aparece por enriba do quirófano á esquerda. A enfermeira ó seu lado pola dereita.

Doutor.- Bisturí...

Enfermeira.- Bezturi, zi, zeño dotó

Doutor.- Grafadora, liña e agulla... Cosemos por aquí.....
grafamos por alá...

O doutor desaparece por detrás da moza.

Música 17

Mario sácalle a cabeza a moza e todos collen unha peza e a mostran para logo comezar a pasarse as cousas:

1º Raquel (teta) Mario (cabeza vella) Borja (teta) Kukas (cabeza nova)

2º

3º

4º Mario ponlle a cabeza nova a moza. O doutor

O doutor aparece enriba da moza.

E a operación xa está...

Sae a enfermeira, a moza ollase o espello, non se termina de gustar.

Moza.- Non sei, para min que me falla algo, quizais, un toque de actriz no nariz,...Os ollos de cor, de cor... como os... da súa enfermeira...

¡Ai, como envexo todo o que elas teñen e eu non...!

Doutor.- Enfermeira, a cliente sempre ten a razón, preparémonos de novo para outra operación.

Enfermeira.- Zi zeño doutó.

Música 18

O Doutor mira entre as pernas da moza. Mentres 1º mostrar instrumentos, 2º quitar cabeza e poñer a de picasso facendo como forza. 3º poñer tetas grandes.

Doutor.- E a operación xa está...

Moza.- Agora si que deu no cravo doutor, é vostede o mellor

Música 19

Sacase a saba como se fose un striptease, logo entre Mario e Borja levanta a moza e levan para a beira esquerda do proscenio.

Aparecen os trosmas no centro e asubían e apupan á moza.

Trosmas.- ¡Buuuuuuuuuuuuuh!

Asoma o doutor pola televisión

Doutor.- ¡Calade incultos, que é deseño de Picasso...!

Todos fan exclamacións de admiración.

Trosmas.- ¡Aaaaaaaaaaaaaaaaaah!

A moza vai indo para a dereita e eles móvense ata á rampla esquerda

Trosma R.- ¡Qué trazo!

Trosma K.- ¡Qué liña!

Trosma R.- ¡Maxistral,

Trosma K.- ¡Soberbia!

Trosma R.- ¡Extraordinaria!

Trosma R +K.- ¡Que envexa nos da!

Moza marcha pola dereita e os trosmas pola esquerda.

Música 20

Aparece a pelota no centro da mesa. E logo entra o presentador tamén polo centro e agarra a pelota. Entra o crego que se achega a coller á pelota, o presentador dálle un sopapo e o crego recúa e o presentador avanza á esquerda. Así tres veces e saen polo fondo esquerdo.

_____ IRA

O militar aparece pola rampla dereita. (Mario pásalle a marioneta a Borja)

Milicreque.- Cidades feitas cascallos, campos ermos, montes ardendo como infernos...todo un país feito unha desfeita, unha guerra inútil que so ten como vítimas a criaturas inocentes, a civís impotentes... ah, ah a nai cos fixo... menos mal que aló fomos co exercito de paz...uns cantos zambombazos e rematou o conflito, queriades paz,...pois tomar... a paz dos mortos (*ri*)

O militar chega o centro da mesa.

Maruxa, Maruxiña xa estou na casa...

Aparece a cociña e Maruxa ó seu lado.

Atenta a compañía, aquí ven o descanso do guerreiro,
¡ Firmes¡ ¡Ar!

Maruxa.- Sempre coa mesma leria, que che dean.

Milicreque.- Xa está, quedas arrestada en prevención deica nova orde...

Maruxa.- Moi ben pois que che faga a cea San Trabuco calibre
45.

Vaise Maruxa. O milicreque comeza a desfilar dun lado a outro do centro da mesa.

Milicreque.- ¡Ar!
Media volta! ¡Ar!
¡Firmes!
Media volta! ¡Ar!

Neso entra Deus e tenta calmalo.

Deus.- ¿Toleaches ou que? che

Milicreque.- Miña dona, que dun tempo para aquí non hai quen a
ature... a falla de disciplina nesta casa é total. Notase que
non viviu unha guerra, alí o que non atende a razóns
metémoslle un tiro e asunto concluído...

Deus.- Non é por nada, pero isto a min non mo faría nin tola...
xa di o refrán: “a muller pata quebrada e na cociña”,
Unha labazada a tempo é o único idioma que elas
entenden...

*Deus sube pola rampla dereita e marcha por aí. Milicreque queda mirando para onde
marchou deus.*

Milicreque.- Deus esta comigo, un home é un home, un gato é un
bicho e a muller un capricho...

O militar achegase ó centro da mesa e chama por Maruxa.

Milicreque.- ¡Maruxa!

Aparece Maruxa pola esquerda

Maruxa.- ¿Qué?

Milicreque.- ¿Onde está o bocata de morte dela?

Maruxa.- Xa che dixen que o fixeras ti, eu non son escrava de
ninguén

Milicreque.- Xa veras ti como enseguida che baixo os fumes

*O militar saca unha pistola pégalle un tiro e Maruxa queda tombada morta.
Aparece o deus pola dereita*

Deus.- ¿Que fixeches condenado?

Milicreque.- Ti me dixeches que...

Deus.- Un sopapo, meu, un sopapo, non un asasinato...

Milicreque.- ¿E, agora que fago?

Deus.- A min non me metas en leas, psicoanalízate che,
psicoanalízate che...
¡ Como está este boludo...!

Vaise o deus por onde entrou

O militar xirase e apunta a pistola contra a súa cabeza... dille a Dona

Milicreque.- Agora tereime que suicidar pola túa culpa...

Entra o demo pola dereita e non deixa que se suicide.

Demo.- Eh,¿Qué vas facer?

Milicreque.- Xa ves

Demo.- Imos ver, atende, volvamos retomar a escena dende cando ti entras na cociña e pídeslle o bocata...

Maruxaponse de pe e o militar ó mesmo tempo baixa a pistola

Milicreque.- E si miña dona non me quere facer o bocadillo e eu lle bato así e así...

O militar da sopapos no ar e vai quedar no centro esquerda, mentres Maruxa da un brinco e queda no centro dereita.

Demo.- Non. Imos facelo doutro xeito, ti pídeslle o bocata. Ela non cho da, e comezas a rompelo todo e a bater coa cabeza na parede deica ficar sen senso...Veña faino. Ensaia

O militar comeza a darse croques na cociña. O demo salta ó centro esquerda

Demo.- Non, home, non...con máis enerxía

O militar dáse croques na cociña con máis enerxía.

Maruxa.- ¿E eu que fago mentres tanto?

Demo.- Ti o animas, ¿de acordo?
Veña, preparados
¡Acción!

Kukas saca unha escaleta de cine

Maruxa na peana dereita. Mentres o militar fica parado

Maruxa.- ¡Socorro, auxilio, meu home revirou tolo, socorro!

Demo.- Con máis paixón

Maruxa.- ¡Socorro, auxilio, meu home revirou tolo, socorro!

O militar comeza a darse golpes ata sacar a cociña da escena.

Demo.- ¡Qué!, ¿como te sentes?

Milicreque.- Carallo, isto do masoquismo mola mais do que eu pensaba

Demo.- Ben, pois a continuación colles a pistola...

Milicreque.- E cheo de ira métolle un tiro a miña muller entre cella e cella, ¿non si?

Demo.- Non home non, xa que comezamos a escena polo revés, primeiro pégame ti o tiro e logo vas a por ela.

Milicreque.- ¡Ah, xa entendo ou sexa primeiro pégame eu un tiro.
...Así

Metese o tiro e cae morto. Maruxa obsérvao e di.

Maruxa.- ¿E despois?

Demo.- Mátate a ti

Maruxa.- ¿E cómo vai facelo si xa está morto?

O militar erguéndose

Milicreque.- ¡Carallo!, pois si que ten razón a miña dona...

Demo.- Oíches, alma cándida, ¿non che tería sido mellor o divorcio que tanta ira e tanta violencia

Milicreque.- ¡Coño!, agora que o dis, coido que si. ¡Ar!

Os dous desaparecen para abaixo ó mesmo tempo e levantando unha perna. Ela despois

Música 21

_____ PREGUIZA

Soa un espertador. A Butaca move-se coma un espertador e o caixón da dereita move-se para diante.

A butaca lanza o preguiceiro ata a mesa. Xogo de intento do preguiceiro de volver a sentarse e da butaca de non deixarlle. O final a butaca cornea ó preguiceiro que termina no caixón da esquerda durmindo.

Niso aparece o presentador tombado enriba da mesa que vai ir incorporándose a medida que fala co preguiceiro.

Presentador.- E o sétimo día o Deus descansou....E, tamén, algún que outro preguiceiro, que non lle gusta dar pancada o ar, collendo como exemplo a Deus tamén descansou o sétimo e o sexto é o quinto e o cuarto e o terceiro e o segundo e o primeiro día da semana e tódalas semanas, tódolos meses e tódolos anos e mais se houbera ou houbese...

Preguiceiro.- Iso mola cantidá...¡mítico, carallo!

Presentador.- ¿Cómo di?

Preguiceiro.- ¿Quen? ¿eu?

Presentador.- E que non entendín o que quixo dicir

Preguiceiro.- ¡Buaaf!

O presentador xa está de pe enriba da mesa.

Presentador.- Pois si non quer dicir nada, se me da licenza continuo co meu discurso

Preguiceiro.- Mentres non me faga falar a min...

Presentador.- Desculpe, ¿díxome algo?

Preguiceiro.- *(roncando)* Burrrrrrr

O preguiceiro vaise enriba do caixón roncando forte.

_____ **AVARICIA**

O presentador da un chouto e queda na beira esquerda do proscenio.

Presentador.- A soberbia, ai a soberbia, a gula, a luxuria, a envexa, a ira e a preguiza...como puidestes contemplar os humanos non están moi contentos consigo mesmos...Pero, de todos o que está máis de moda no mundo moderno capital capitalista é a avaricia que rompe o saco....

Entra e político polo centro da mesa e de tres cuartos.

Politicreque.- ¡Cala fala barato!, ti non es quen de dicir dúas palabras con sentido, moito bla bla bla para falar moito e non dicir ren de ren... Aprende dun profesional

Presentador.- ¿Un profesional de que?

O político sube pola rampla dereita.

Politicreque.- Da verborrea, da laretada, latricada, parolada ou como ben se che antolle dicir....Vouche facer unha demostración, toma nota: !Queridos concidadáns...

O político sube a peana e Kukas e Raquel saen pola dereita e mirando para os espectadores din. O político vai aumentando ata ladrar.

Politicreque.- Eu, eu, eu

Obreiros.- Ti, ti,ti,

Politicreque.- Eu, eu, eu,eu....

Obreiros.- Ti, ti, ti

Politicreque.- Eu, eu, eu,eu....

Obreiros.- Ti, ti, ti

Politicreque.- Eu, eu, eu,eu....

Obreiros.- Beeeeee, beeeeeeeee, beeeeeeeee

Vanse os titiriteiros.

Politicreque.- Canto mais masa mellor se pasa por que mais se amasa...

Dáse a volta e diríxese ó presentador baixando pola rampla.

Ves como me fan caso as masas, iso é porque eu falo coa voz do pobo e para o pobo, porque a min non se me caen os aneles por tratar cos obreiros, camioneiros ou carniceiros... pero, ¡si ata falo con algúns titiriteiros! (*mira para ó titiriteiro*)

Presentador.- Pero e que eu...

Politicreque.- Ti, ti e ti...mira que es egoísta, pensa nos demais e ensaia ós teus discursos, anda vaite a practicar e non sexas testan...

O presentador vaise.....

Música 22

Entra un chouchiño, tristeiro

Politicreque.- E logo, amigo, ¿que che pasa que triste e paseniño camiñas?

Chouchiño.- Unha anguria me consome,

Politicreque.- ¡Animo compañeiro, toda terra é dos homes!

Chouchiño.- Iso o dis ti, se eu tivera a túa casiña, teu lar... doutro xeito estarías a falar...

Politicreque.- Vou cavilar como teu problema solucionar:

O político sube e baixa pola rampla esquerda, mentres o chouchiño senta no centro dereita

Si eu constrúo a oito moitas casiñas...que digo casiñas....mansionés... ben, onde digo mansionés quero dicir rañaceos...

E se logo os vendo por un pingue capital... en catro días fixen un capital na Capital...¡Ata podo vender a Catedral...! (*aparte*)

Primeiro merco un Solar barateiro...

Chouchiño.- Chi

Politicreque.- ¿E onde atoparei un solar?...
Como son político a lei do solo ei de cambiar:

Chouchiño.- Chi

Politicreque.- “TODO O QUE NON É MAR É SOLAR”

Chouchiño.- Chi

Politicreque.- Gústame o slogan, son un xenio, si señor...
“TODO O QUE NON É MAR É SOLAR”

Chouchiño.- Chi

Politicreque.- Xa tendo solar a miña disposición,
construirei unha casaña, e logo outra e outra e centos
de outras...todas con moitos pisos e poucos metros...
Logo vendo os pisos... por anticipado e ao contado
(*aparte*)

Chouchiño.- ¿E quen llos vai a mercar?... (*Ponse de pe*)

Politicreque.- Vos, incautos cidadáns...

Chouchiño.- Te razón de 200 metros cadrados
¿E de onde imos o diñeiro sacar?

Politicreque.- No banco te has hipotecar,
si o teu pisiño queres mercar...

O politicreque vaise cantando pola rampla esquerda

Casiñas veñen casiñas veñen e van
Non te queixes rianxeira
Que te vas hipotecar...

O chouchiño vaise cantando pola rampla dereita

Chouchiño.- Teño un pisiño pequeno,
que é moi churrusqueiriño..
É un forno no verao,
E no inverno mete frío...

Música 23

Óense rúidos de maquinas entras os tres obreiro, dous pola esquerda e un pola dereita e van enchendo de casas a escena.

Obreiros.- Estamos no un de maio,
me cago no carallo,
e temos que traballar (3 veces)

Colocan 1º rañaceos diante 2º rañaceos detrás 3º mansión 4º casiñas

Cun ladrillo e outro ladrillo
facemos un pisiño,
cunha laxe e un laxeiro
erguemos un pazo enteiro...

Estamos no un de maio,
me cago no carallo,
e non queremos traballar...

Música 24

Entra o Chouchiño polo centro e busca entre as casas.

Chouchiño.- ¿En que urbanización estará miña casiña, meu lar?...

O politicreque aparece no rañaceos da esquerda diante coa man estirada.

Politicreque.- Ei, Manolo o cazo cazolo tesme que dar,
se na túa casiña queres entrar...

Os obreiros enriba do caixón grande xunto á mesa.

Todos.- Hipotecar, hipotecar, hipotequeime,
Hipotequeime na beira do mar

Chouchiño.- Hipotequeime por unha casiña
que aínda por riba que era ilegal

O chouchiño vaise. O caixón dos obreiros moveuse adiante o lateral dereito.

Todos.- Hipotecar....

*Mentres cantan o político aproveita e vai metendo as casas nun saco que se coloca
no centro da mesa. 1º mansión 2º casiñas 3º rañaceos*

Politicreque.- O que non é mar é solar,
si xa estás hipotecado
vólvetes a hipotecar.
Todo o que non é mar é solar,
todo o que non é mar é solar...

Todos.- Hipotecar, hipotecar, hipotequeime...

Vanse indo para atrás ata desaparecer.

Politicreque.- (*ao publico*) Aínda que votes e rebotes e volvas a
rebotar eu terei un saco cheo e outro por comezar...

Sacase o saco.

Aparece o demo pola rampla dereita

Demo.- ¿Ei, amigo, e do meu, qué?
Eu quero a miña parte do pastel... Veña dáme algo...

Aparece o deus pola rampla esquerda

Deus.- Sal de aí, che, xa que eu fixen o solar...a miña
comisión e a primeira que hai que pagar....

Vai cara un e cara outro.

Politicreque.- Darei, dareivos coa porta nos narices,
traballade larcháns como traballan meus fillos
e traballou meu pai.

Música 25

Demo e Deus.- Mala chispa te fenda,
mala chispa te de
ui ai e

*Van achegándose os dous ó politicreque e afúndeno polo centro da mesa.
Desaparecen todos.*

EPÍLOGO HOMENAXE A CURROS ENRÍQUEZ

Entra o presentador pola beira esquerda do proscenio.

Presentador.- E agora que a obra vai chegando ó seu fin

Asoma a cabeza pola dereita.

Deus.- ¡E fora de programa!

Presentador.- O Centro Traumático Galego Gaiteiro de Monicreques
quere render unha fonda homenaxe ó poeta Curros Enríquez
que xa hai máis de cen anos falounos mirando ó chan de
deus e dos homes, e do demo tamén....

Música 26

*Se coloca a columna na peana dereita e a nube na peana esquerda. Entra Deus e
senta na columna, segundo vaise recitando a primeira estrofa baixa e anda paseniño
ata sentar na nube.*

Deus, non atopando
cousa en que entreterse,
farto de estar solo
cavilando sempre
en forxar cadeas,
traballos e pestes,
a razón buscando
e a causa en que pende
que tan poucas almas
polas portas lle entren
do seu paradiso,

deixando os verxeles,
saíu de paseo
certa maña quente,
do reuma e da gota
por espaxarse.
Como é xa velliño
e o coitado vese
tocante a saúde
moi pouco valente,
cansouse ós dous pasos
mais como alí arrentes
topase un asento,
sentouse, e alegre
por cima das nubes
asomando a fronte
e a terra buscando
cos ollos celestes,

Deus.- ¡Caraspeta!

Presentador.- Dixo falando entre dentes

Deus.- Si dou co ese mundo
que o Demo me leve

(...)

Mentres recita o presentador, as marionetas vanse presentando no lateral dereito da mesa, e logo vanse colocando nos soportes que están colocados na mesa.

1. *político + marquesa*
2. *crego + cardeal*
3. *militar + garda civil*
4. *médico + enfermeira*
5. *preguiceiro + chouchiño*
6. *pobre + maruxa*
7. *negriño + caiuco*
8. *demo coa risa.*

Presentador.- Con noxo deixando
tantas cativeces,
inda noutras cousas
parou Deus as mentes.
Viu malos gobernos
que falsos e alevés
co xugo dos pobos
engordan e crecen;
cregos que, feroces
como cans doentes,
cun fusil ó lombo
predican os fieles;
ricos que, roubando,
as gavetas enchen;
médicos das quintas
que dan por encrenques
mediante catro onzas
cando non son sete
mociños que ó cabo
tocan ó pendengue,
a seus pais perdendo

co aforro que perden;
homes esfameados,
emporras mulleres,
espigados nenos
que non saben lere,
e en fin cantas cousas
que non deben verse,
que deus arrepiado,
e as cruces facéndose,
coñecida a causa
de que o inferno medre,
meteuse na gloria
dicindo entre dentes...

Deus.- Se eu fixen tal mundo
que o demo me leve.

Demo.- ¿Ja, ja, jaaaaaaaaaaa!

Música 27

Soan risas + Foguetes de festa rachada + música

Saúdos.

FIN